

BASES REGULADORAS DA UTILIZACIÓN DOS BONOS QR AMARIBERIA 2023, DENTRO DO PLAN DE MEDIDAS REACTIVA RIBEIRA.

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

A presente convocatoria ten por obxecto aprobar as bases reguladoras dos Bonos AMARIBEIRA para o exercicio 2023, dentro do Plan de Medidas Reactiva Ribeira, dirixidas a propiciar o fortalecemento do sector comercial local e dos establecementos hostaleiros do Concello, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado do cesamento e das restricións da actividade comercial e hostaleira, como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Artigo 2. Obxectivos

O obxectivo do programa e fortalecemento do sector comercial local e dos establecementos hostaleiros do Concello, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado do cesamento e das restricións da actividade comercial e hostaleira, como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, a través dos bonos QR “AMARIBEIRA 2023”.

Artigo 3. Orzamento

Para a concesión destas axudas destinaranse 100.000,00 € dos orzamentos municipais para o ano 2023, condicionados a entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2023, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 27/11/2023:

| Aplicación | Importe |
|------------|--------------|
| 431 472.03 | 100.000,00 € |

Artigo 4. Entidade colaboradora

A entrega e distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Convocatoria específica do procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión, entrega e distribución dos fondos correspondente ás axudas dirixidas a propiciar o fortalecemento dos sectores comerciais e hostaleiro local, a través da incentivación do consumo mediante o programa de Bonos QR AMARIBEIRA 2023 publicada no BOP nº 221 do 20.11.2023.

Artigo 5. Actividade subvencionable e principios aplicables

Polas presentes bases promocionase a venda de bens, consumicións ou prestación de servizos a través dos Bonos QR AMARIBEIRA 2023 que poderán ser utilizados nos establecementos e actividades comerciais e hostaleiras que estean adheridos ao Programa.

A xestión dos fondos públicos asignados ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2023 levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.



- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 6. Persoas beneficiarias e usuarias dos bonos QR AMARIBEIRA 2023

As persoas beneficiarias serán os operadores económicos (persoas físicas ou xurídicas) dos sectores adheridos ao programa segundo os requirimentos descritos no convenio regulador coa entidade colaboradora e nas bases da convocatoria destas axudas.

As persoas usuarias dos Bonos QR AMARIBEIRA 2023 serán as persoas físicas maiores de idade e residentes no municipio, parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica destes sectores produtivos de proximidade.

Artigo 7. Alta e requisitos dos establecementos e negocios para a adhesión ao programa

1. Os establecementos e negocios que desexen adherirse ao programa de Bonos QR AMARIBEIRA 2023, empregarán a aplicación tecnolóxica habilitada pola entidade colaboradora para o efecto e deberán rexistrar a seguinte información;:

- Nome e apelidos/nome fiscal.
- Domicilio fiscal en Galicia.
- NIF/CIF.
- Nome, apelidos e DNI do representante.
- Nome comercial.
- Dirección do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal.
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial.



FIRMANTE - FECHA



2. O prazo para adherirse ao programa será desde o 5 de decembro de 2023 ata a finalización da execución do programa dos bonos.

3. Poderán adherirse ao programa de Bonos QR AMARIBEIRA 2023 os establecementos que cumpran, ademáis, os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan de establecemento permanente e domicilio fiscal en Ribeira e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.

b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño. ⁽¹⁾

c) Estar ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social e co Concello da Ribeira, o cal se acreditará mediante declaración responsable cando non supere o importe das axudas os 3.000,00 €, de conformidade co previsto nos artigos 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións. Cando o importe das axudas supere esta cantidade, se deberá achegar polos operadores económicos certificación acreditativa de estar ao corrente coas indicadas administración, que deberá custodiar a entidade colaboradora para calquera actuación de control e verificación de datos.

(1) Para a definición de micro empresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para micro empresas. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias:

a) Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.

b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.

c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.

4. Quedan expresamente excluídos os entes públicos, as asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro, e aquelas empresas que formen parte dun grupo empresarial nos termos regulados no artigo 42 do Código de Comercio. Tampouco poderán participar os operadores económicos que non cumpran coas condicións do punto anterior nin coa forma establecida nesta convocatoria.

5. O alta e o uso da aplicación polos operadores económicos suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, os operadores económicos deberán asinar dixitalmente unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, así como declarar responsablemente que están ao día do cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social e co Concello de Ribeira.

6. Cada operador económico poderá darse de alta atendendo a súa actividade económica, e segundo a



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE ::
2023CONV000013

Fecha: 14/11/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1



clasificación que se indica no Anexo. Non serán tidas en conta as solicitudes dos operadores que non cumpran ca clasificación indicada no Anexo.

7. O sistema establecido estará habilitado de tal forma que permita ao Concello de Ribeira bloquear ou dar de baixa altas na aplicación, por causas xustificadas.

8. O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2023 farase público na APP/web que habilite a entidade colaboradora, así como na web www.AMARIBEIRA.gal

Artigo 9. Alta e requisitos das persoas usuarias

1. A entidade colaboradora habilitará as aplicacións informáticas tecnicamente máis idóneas, para dar de alta ás persoas usuarias dos Bonos QR AMARIBEIRA 2023, e identificará respecto de cada un deles a seguinte información:

- Nome e apelidos.
- Localidade de residencia (código postal).
- Maioría de idade.
- DNI.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.

O uso da aplicación e a descarga do bono polo usuario suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, por medio dunha declaración responsable o usuario deberá manifestar, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos. Así mesmo, deberán constar as autorizacións correspondentes en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan na presente convocatoria do programa.

Artigo 10. Sistema de funcionamento dos bonos

1. A descarga dos bonos por parte do usuario será mediante a descarga da app/web do usuario facilitada pola entidade colaboradora á que se poderá acceder a través da web: www.amaribeira.gal. O bono terá formato dixital a través dun código QR e estará dispoñible para a súa utilización a través de aplicacións de descarga gratuita tipo Wallet ou similares. Opcionalmente, o bono poderase solicitar presencialmente nas oficinas que determine o Concello para obter un documento en papel do código QR dos Bonos QR AMARIBEIRA 2023.

A persoa interesada, ou o seu representante, poderá autorizar expresamente nas oficinas da entidade colaboradora para a solicitude e obtención do bono en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia desta circunstancia.

2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas usuarias, os operadores económicos terán que empregar a plataforma tecnolóxica subministrada pola entidade colaboradora.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE ::
2023CONV000013

Fecha: 14/11/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1



3. No momento da transacción deberán quedar rexistrados o importe e concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado. De igual xeito, con cada venta ou prestación de servizo, achegarase á aplicación, debidamente habilitada ao efecto, imaxe da factura simplificada ou ticket xerado vinculada a acción de compra realizada, sen prexuízo da obriga dos operadores económicos da garda das facturas ou tickets orixinais para o seu control financeiro ou control por mostraxe. De non ser posible esta habilitación técnica, a entidade colaboradora disporá unha dirección electrónica para a recepción das facturas ou tickets que deberán presentar os operadores económicos adheridos, sen prexuízo da habilitación dalgunha oficina na cidade para a mesma fin.

A entidade colaboradora deberá librar semanalmente o importe dos bonos trocados, previa presentación por parte dos operadores económicos adheridos das facturas simplificadas ou medios probatorios equivalentes polas canles que esta poña a disposición daqueles. O pagamento, ademais dos requisitos fiscais esixidos normativamente, reflectirán as operacións realizadas con desagregación dos importes efectivamente abonados e os descontos obtidos tras a presentación dos bonos por parte das persoas usuarias.

En consecuencia, as facturas e/ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil deberán ser emitidas polos beneficiarios dentro do período de execución do programa.

Pola súa banda, o usuario deberá mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada

Artigo 11. Obrigas dos establecementos e actividades adheridas ao programa

Os operadores económicos adheridos ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2023 adquirirán, a través da solicitude de adherencia, as seguintes obrigas:

- a) Cumprir coas medidas de prevención de riscos sanitarios e laborais fronte á COVID-19.
- b) Anunciar no exterior do establecemento, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa Bonos QR AMARIBEIRA 2023.
- b) Facer o desconto directo do bono no ticket ou factura de compra emitido e remitir a factura ou documento equivalente á entidade colaboradora, no prazo máximo dun mes dende a aplicación dos bonos e en todo caso nos 15 días naturais posteriores á finalización da vixencia do programa dos bonos QR AMARIBEIRA 2023. Transcorrido este prazo, non se admitirán solicitudes de compensación de bonos trocados.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da entidade colaboradora, o Concello de Ribeira ou empresas auditoras que se poidan contratar, para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.
- d) Conservar todos os tickets de compra ou facturas xustificativas da aplicación dos bonos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control por parte da entidade colaboradora, o Concello de Ribeira ou empresas auditoras que se poidan contratar.
- e) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, comprometéndose a non facilitarllas a outras persoas ou establecementos.
- f) Atoparse ao día do cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e co Concello de Ribeira. Ata os primeiros 3.000 € de bonos trocados esta circunstancia



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE ::
2023CONV000013

Fecha: 14/11/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1



poderáse acreditar mediante declaración responsable. Cando o importe supere os 3.000 € de bonos trocados, deberánse achegar os certificados acreditativos correspondentes, que deberán ser remitidos á entidade colaboradora e custodiados por ésta.

Artigo 12. Condicións de uso dos bonos

1. Cada persoa beneficiaria disporá de 1 bono cun saldo máximo de 30 euros, que poderá ser usado nos operadores económicos adheridos ao programa, mediante 1, 2 ou 3 compras, a elixir polo usuario e dependendo do importe total da compra.

O período de validez dos bonos axustarase ao período de vixencia do programa de bonos QR AMARIBEIRA 2023 previsto, dende o día 15 de decembro ata o 31 de xaneiro de 2024, salvo esgotamento previo do seu saldo. Se o Concello decidise ampliar a vixencia do programa de bonos máis alá do 31 de xaneiro, o prazo de execución quedará automaticamente prorrogado no tempo equivalente a esa extensión temporal que se aprobe no convenio coa entidade colaboradora para a xestión.

Cada bono terá a consideración de bono desconto para as compras, consumos ou servizos nos establecementos ou actividades adheridos, tendo en conta a clasificación de actividades do Anexo e segundo a seguinte desagregación:

| Bono | Destino | Dotación | Desconto |
|-------------------------|--|---------------|---|
| Bono QR AMARIBEIRA 2023 | Pequeno comercio de proximidade e hostalería | 100.000 euros | Desconto de 10 euros por cada 30 euros de compra, ata un máximo de 30 euros por persoa usuaria. |

Todas estas contías enténdense co IVE engadido.

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa facilitada pola entidade colaboradora, os operadores económicos adheridos terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das vendas, os bonos xa trocados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. O importe máximo de bonos que poderá trocar cada establecemento ou actividade adherida é de 10.000,00 € (IVE incluído).

6. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. O comerciante non poderá aboar ao consumidor, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

7. Non será aplicable o emprego dos bonos para as compras en liña nin serán compatibles con outro tipo de bonos promovidos por outras administracións públicas para as mesmas compras ou servizos.

8. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local poderase modificar o importe máximo de bonos que poderá trocar cada establecemento ou actividade, do cal se dará oportuna publicidade.

Artigo 13. Xustificación e inspección

O Concello de Ribeira, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE :: 2023CONV000013

Fecha: 14/11/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1



desenvolvemento e execución do programa Bonos QR AMARIBEIRA 2023.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos ou actividades adheridas, a concellería de comercio poderá cancelar a súa adhesión ao programa. Neste caso, comunicará dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os establecementos e actividades adheridos ao programa Bonos QR AMARIBEIRA 2023 están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Concellería de comercio e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

Artigo 14. Información básica en materia de protección de datos persoais

1. A entidade colaboradora, como encargada do tratamento dos datos, ten encomendada o labor de recollida, rexistro e almacenamento dos datos persoais necesarios para a tramitación dos Bonos QR AMARIBEIRA 2023 segundo as directrices establecidas polo Concello da Ribeira, e garante expresamente, respecto dos datos de carácter persoal que se traten durante a xestión dos devanditos bonos:

- ▣ Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- ▣ Que non os comunicará a terceiras persoas.
- ▣ Que gardará o secreto profesional respecto destes.
- ▣ Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

As obrigas anteriormente citadas non exclúen nin contraveñen os deberes que se citarán como condición de encargado do tratamento.

2. Deber de información ás persoas usuarias do programa Bonos QR AMARIBEIRA 2023

Para os efectos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e de Consello do 27 de abril de 2016 (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase os usuarios e operadores económicos adheridos ao programa de Bonos AMARIBEIRA 2022 nos seguintes termos:

- ▣ Os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello de Ribeira, en calidade de Responsable do Tratamento, co remate de levar a cabo a xestión administrativa para adherirse ao programa de Bonos AMARIBEIRA 2022 mediante a presente declaración responsable.
- ▣ A base xurídica de lexitimación para o tratamento dos datos persoais radica no exercicio dos poderes públicos ou competencias conferidos e, na relación existente entre os usuarios e o Concello.
- ▣ Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron, e segundo a base xurídica do tratamento dos datos de conformidade coas obrigas legais, así como para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Con todo, os datos poderán ser conservados, no seu caso, co fin de arquivo de interese público, remates de investigación científica e histórica ou remates estatísticos.
- ▣ Os datos non serán cedidos a terceiros, agás que sexan comunicados ás entidades públicas ou privadas, ás cales sexa necesario ou obrigatorio ceder estes para poder xestionar a súa solicitude, así como



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE ::
2023CONV000013

Fecha: 14/11/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1



nos supostos previstos, segundo Lei.

Poderá exercitarse os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. A estes efectos, deberá presentar un escrito na Oficina de Atención Cidadá sita na planta baixa do Concello, na Praza do Concello, s/n 15960 Ribeira (A Coruña), ou, no seu caso, ao Delegado de Protección de Datos lopd@ribeira.gal.

No escrito deberase especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá mostrar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificativo do mesmo.

Así mesmo, en caso de considerar vulnerados os dereitos á protección de datos persoais, poderase interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

3. Encargado do tratamento

O Concello de Ribeira ten a condición de responsable do tratamento de datos persoais e a entidade colaboradora ten a condición de encargada do tratamento; a entidade colaboradora comprométese ás seguintes condicións:

- Tratar por conta do Concello de Ribeira os datos de carácter persoal necesarios para a xestión dos Bonos QR AMARIBEIRA 2023. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de interesados serán unicamente os recollidos nesta convocatoria. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información.
- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto do encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios; neste suposto, será considerada como responsable do tratamento.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPD, a LOPDGD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, informará inmediatamente o responsable.
- Levar por escrito, cando cumpra segundo o artigo 30 do RXPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

Artigo 15. Transparencia e bo goberno

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello de Ribeira <https://ribeira.gal/portal-de-transparencia>

Por ese motivo, a entidade colaboradora queda suxeita así mesmo a fornecer de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello de Ribeira cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE ::
2023CONV000013
Fecha: 14/11/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1



Artigo 16. Información

Poderase obter información adicional a través da web, www.amaribeira.gal

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral do Concello de Ribeira 010.

Artigo 17. Habilitación para o desenvolvemento

Facúltase a persoa titular da Concellería de Comercio, para ditar, no ámbito das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento e aplicación destas bases.

ANEXO

| Bono | Epígrafes IAE admitidos |
|--|--|
| Agrupación 64. Comercio al por menor de productos alimenticios, bebidas y tabacos, realizado en establecimientos permanentes. | |
| Grupo 641 | Comercio al por menor de frutas, verduras, hortalizas y tubérculos. |
| Grupo 642 | Comercio al por menor de carnes y despojos; de productos y derivados cárnicos elaborados; de huevos, aves, conejos de granja, caza y de productos derivados de los mismos. |
| Grupo 643 | Comercio al por menor de pescados y otros productos de la pesca y de la acuicultura y de caracoles. |
| Grupo 644 | Comercio al por menor de pan, pastelería, confitería y similares y de leche y productos lácteos. |
| Grupo 645 | Comercio al por menor de vinos y bebidas de todas clases. |
| Grupo 646 | Comercio al por menor de labores de tabaco y de artículos de fumador. |
| Grupo 647 | Comercio al por menor de productos alimenticios y bebidas en general. |
| Agrupación 65. Comercio al por menor de productos industriales no alimenticios realizado en establecimientos permanentes. | |
| Grupo 651 | Comercio al por menor de productos textiles, confección, calzado, pieles y artículos de cuero. |

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE ::
2023CONV000013

Fecha: 14/11/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



| | |
|---|---|
| Grupo 652 | Comercio al por menor de medicamentos y de productos farmacéuticos; comercio al por menor de artículos de droguería y limpieza; perfumería y cosméticos de todas clases; y de productos químicos en general; comercio al por menor de hierbas y plantas en herbolarios. |
| Grupo 653 | Comercio al por menor de artículos para el equipamiento del hogar y la construcción. |
| Grupo 656 | Comercio al por menor de bienes usados tales como muebles, prendas y enseres ordinarios de uso doméstico. |
| Grupo 657 | Comercio al por menor de instrumentos musicales en general, así como de sus accesorios. |
| Grupo 659 | Otro comercio al por menor. |
| Agrupación 67. Servicio de alimentación. | |
| Grupo 671 | Servicios en restaurantes |
| Grupo 672 | En cafeterías |
| Grupo 673 | De cafes y bares, con y sin comida. |
| Grupo 674 | Servicios especiales de restaurante, cafetería, y cafe-bar. |
| Grupo 675 | Servicios en quioscos, cajones, barracas u otros locales análogos, situados en mercados o plazas de abastos, al aire libre en la vía pública o jardines. |
| Grupo 676 | Servicios en chocolaterías, heladerías y horchaterías. |
| Grupo 677 | Servicios prestados por los establecimientos clasificados en los grupos 671, 672, 673, 681 y 682 de las agrupaciones 67 y 68, realizados fuera de dichos establecimientos. otros servicios de alimentación. |



FIRMANTE - FECHA



| | |
|---|--|
| Agrupación 69. Reparaciones. | |
| Grupo 691 | Reparación de artículos eléctricos para el hogar, vehículos automóviles y otros bienes de consumo. |
| Agrupación 75. Actividades anexas a los transportes. | |
| Grupo 755 | Agencias de viaje. |
| Agrupación 96. Servicios recreativos y culturales | |
| Grupo 967 | Instalaciones deportivas y escuelas y servicios de perfeccionamiento del deporte. |
| Agrupación 97. Servicios personales | |
| Grupo 971 | Lavanderías, tintorerías y servicios similares |
| Grupo 972 | Salones de peluquería e institutos de belleza |
| Grupo 973 | Servicios fotográficos, máquinas automáticas fotográficas y servicios de fotocopias. |
| Grupo 975 | Servicios de enmarcación. |

Ribeira, a data da sinatura dixital.

O ALCALDE

Luis Antonio Pérez Barral



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 30/11/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/11/2023 11:19:26

EXPEDIENTE ::
2023CONV000013

Fecha: 14/11/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E700127A8200J4B6P0E6F5P1

